

# PLAN DIXITAL

## CPR PLURILINGÜE BAYÓN

Versión 1.0 12 xuño 2022

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

CPR Plurilingüe Bayón (15014532)

Rúa 1, Cubeliño 79

15968 Ribeira (A Coruña)

[cpr.bayon@edu.xunta.gal](mailto:cpr.bayon@edu.xunta.gal)

Teléfono: 981871110

Páxina web: <https://sites.google.com/a/cbayon.es/colégio-bayon/>

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Concello de Ribeira é un municipio galego da provincia da Coruña, situado no extremo occidental da península de A Barbanza, na ría de Arousa, cunha poboación de 27.000 habitantes e unha densidade de 390 ha/km<sup>2</sup>.

A súa altitude media é de 25 metros sobre o nivel do mar. A súa costa alterna zonas rochosas con extensos areas. O seu clima é temperado de influencia oceánica, cunha temperatura media de 15 °C, superados na época estival, presentando un microclima que a diferenza doutros concellos do litoral posúe menor incidencia de precipitacións ó longo do ano.

A súa vexetación autóctona é de tipo Atlántico-Boreal: toxos, setas, piñeiros, eucaliptos, queirugas, cultivos e prados.

A súa hidrografía destaca polos seus ríos de curso curto e montañoso, de escaso caudal, o principal é o Arlés que desemboca na Lagoa de Carregal que forma parte, xunto coa Lagoa de Vixán dun dos máis valiosos enclaves do patrimonio natural de Galicia: O Parque Natural do complexo Dunar de Corrubedo e as Lagoas de Carregal e Vixán.

Exténdese nunha superficie de 65 km<sup>2</sup>, e está formada por 9 parroquias: Ribeira, Aguiño, Artes, Carreira, Castiñeiras, Corrubedo, Oleiros, Olveira e Palmeira.

A súa economía durante séculos baseouse na pesca. A mediados do século XVIII os cataláns instauráronse en Ribeira dedicándose á industria do salazón e á súa exportación,

continuando a súa actividade durante os séculos XIX e XX. Nos anos 50 comeza a emigración ó continente americano. Durante os anos 60-70 iníciase o gran desenvolvemento pesqueiro e urbano da cidade. Na última década consolídase como capital da Comarca da Barbanza. Dotándose de maiores servizos de carácter educativo, sanitario, social, natural e cultural.

Na actualidade a pesca e o marisqueo son a clave da economía local (máis do 30% da poboación activa son traballadores do mar). A actividade industrial concéntrase nas medianas e pequenas empresas que se dedican sobre todo á comercialización dos produtos do mar. O sector terciario adquire cada vez máis importancia destacando as actividades do comercio e transporte derivado da actividade pesqueira. Neste momento a construción e o sector turístico está adquirindo gran auge, así como a emigración a zonas turísticas (Balears e Canarias) para os traballadores de este sector (construción e hostalería). A agricultura está orientada maioritariamente ó consumo e a satisfacer a demanda local, dedicándose a esta ocupación o 3% da poboación.

No marco da educación regrada de titularidade pública, Ribeira conta con 3 Institutos de Ensinanza Secundaria, unha Escola Náutico Pesqueira, e 4 colexios concertados (de titularidade privada pero con financiamento público, que imparten igualmente E.I. e E.P.), para Ensinanza Secundaria Obrigatoria. Na Ensinanza Primaria conta con 9 centros públicos e 3 garderías privadas. Existe tamén unha Escola Taller ( con ensinanza de cantería, albanelería e xardinería), unha Escola Oficial de Música (conservatorio) e diversas Escolas Deportivas.

Ribeira conta ademais con outros servizos de carácter municipal como: Biblioteca Pública, Oficina de Información ó Consumidor, Oficina de Información e Turismo,... e outros servizos de carácter comarcal: Xulgado de Primeira Instancia, Hospital Comarcal, Delegación da Consellería de Pesca, Delegación de Facenda, Centro de Interpretación de Ecosistemas do Litoral Galego.

### **1.3. Breve xustificación do mesmo**

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o

desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

#### 1.4. **Proceso de elaboración**

O plan dixital de centro foi elaborado por tres profesores. O centro xa tiña plan TIC que funcionaba correctamente. O problema foi que o profesor que o xestionaba causou baixa no colexio. Na elaboración da estratexia dixital vemos que o centro ten moitas posibilidades de acción.

## 2. **Situación de partida**

### 2.1. **Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais**

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: O centro dende a pandemia intentou ter una conexión mellor, con máis megas e mellor conectividade en todas as aulas. Case todas as clases teñen una conexión boa (aínda non se logro o 100%).
- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:  
As aulas de Educación Infantil: Todas teñen encerado dixital e ordenador.  
As aulas de Educación Primaria: Todas teñen encerado dixital e ordenador, Excepto o ximnasio.  
As aulas de ESO: Todas teñen encerado dixital e ordenador portátil, excepto o ximnasio e una aula de desdobre.  
Proxecto E-Dixgal: No curso 2021/2022 iniciamos o proxecto E-Dixgal nos cursos de 5ª EP e 1º ESO. No vindeiro curso 2022/2023 entraran a formar parte do mesmo o alumnado de 6º EP e 2º ESO. E nos seguintes anos 3º e 4º ESO.  
O centro ten una aula de informática con 30 dispositivos para o alumnado. Nas aulas hai en case todas ordenadores a disposición do profesorado. Un dos maiores

problemas e que algún destes equipos teñen moitos anos (máis de 10) o que dificulta o seu uso.

- Servizos dixitais educativos:

O centro ten una aula virtual para o alumnado da ESO (Moodle). En 1º de ESO este ano introduciuse no proxecto E-Dixgal.

En primaria traballamos ca plataforma SNAPPET, excepto o alumnado de 5º EP que tamén forma parte do proxecto E-Dixgal.

- Xestión do mantemento do equipamento do centro: Este ano contratouse a un técnico informático que ía reparando os equipos cada vez que tiñan un problema.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,7	4,1			
	Profesorado	4,3	3,7			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,2	4			
	Profesorado	4,1	3,7			
	Alumnado	4	3,3			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,1	3,9			
	Profesorado	4,2	3,9			
	Alumnado	4,1	3,9			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,7	3,8			
	Profesorado	4,1	4,2			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,5	3,7			
	Profesorado	4,5	4,1			
	Alumnado		4,3			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,3	3,8			
	Profesorado	4,4	3,9			
	Alumnado	3,4	3,1			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,5	3,3			
	Profesorado	3,8	3,6			
	Alumnado		2,6			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,6	3,6			
	Profesorado	4,3	4			
	Alumnado	4,3	3,3			

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	14	25	56%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	1	2	50%
DESPRAZADO			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
94,2	Integradora (B1)	76,4	Integradora (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	96,7	Integradora (B1)	79,2	Integradora (B1)
PRI	91,3	Integradora (B1)	77	Integradora (B1)
INF	84	Integradora (B1)	68,2	Integradora (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	1	6,7%
B1	8	53,3%
B2	5	33,3%
C1	1	6,7%
C2		
TOTAL	15	100%

### 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Equipamento tecnolóxico. Aula de informática e pantallas dixitais en todas as aulas.	Necesidade dunha estratexia dixital clara e un persoa encargada de xestionala. Incidencias técnicas. Mellorar a conexión a internet en todas as aulas do centro.
	PERSOAL DOCENTE	Estabilidade laboral (A plantilla de profesorado varía moi pouco). Transformación da práctica docente co uso de ferramentas dixitais.	Falta de formación de algún profesorado. Falta de tempo e sobrecarga de actividades.
	PERSOAL NON DOCENTE		Escasa competencia dixital
	ALUMNADO	Motivación polas innovacións tecnolóxicas.	Reflexión sobre o uso de recursos dixitais (tratamento de imaxes, protección de dereitos, licenzas, software libre, plaxio) Recursos e actividades cun feedback rápido. Baixo fomento da creatividade e colaboración entreo alumnado.
	FAMILIAS	Reflexión sobre o uso da tecnoloxía	Diferentes situacións económicas e desigualdade no acceso a medios tecnolóxicos. Baixa competencia dixital por parte dalgunhas familias.
	OFERTA	Colexio con tres etapas educativas: Educación Infantil, Educación Primaria e ESO	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Oferta de actividades extraescolares de robótica	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Posibilidade de acceder a EDIXGAL	Os centros concertados non teñen a posibilidade de acceder aos mesmos recursos que os centros públicos
	LEXISLACIÓN		Cambios normativos e demasiada burocracia.
	CONTORNA	Achegas económicas	
	ANPA		Non existe colaboración intercentros
	OUTRAS ENTIDADES		



### **3. Plan de Acción**

#### **3.1. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas**

A necesidade prioritaria no centro é a mellora nos equipos da aula de informática e no mantemento dos equipos. Os maiores problemas son os equipos que teñen moitos anos e non funcionan correctamente. Tardan moito en arrancar e o seu funcionamento é moi lento e sempre teñen algún problema o que dificulta poder dar una clase con normalidade.

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora:						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Seleccionar un coordinador TIC entre o claustro de profesorado				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Nomeamento do coordinador TIC					
<b>Valor de partida: (3)</b>						
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	01/09/2022					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Seleccionar entre o claustro de profesorado ó coordinador TIC.	Equipo directivo	01/09/2022	Coñecementos informáticos avanzados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Formar un equipo de traballo con un encargado para cada etapa educativa	Claustro de profesores	15/09/2022	Coñecementos informáticos e pertencer a etapa educativa na que imparte clase		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:						
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Empregar a aplicación AbalarPro para comunicarse coas familias				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Porcentaxe de comunicación de cada titor coas familias					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Empregábamnos a aplicación Tokapp School cunha porcentaxe elevado					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Ao remate do primeiro trimestre obter una porcentaxe do 90%					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Crear un grupo de traballo encargado da formación sobre o programa AbalarPro	Equipo directivo	Setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Manter informadas as familias a través de AbalarPro	Titores	2022/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Comunicar		2022/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:						
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	Actualizar a páxina web do centro e que sexa un referente para as familias				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Subir contido semanalmente e que se visualice polas familias. Estadísticas de visitas.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Operativa pero sen actualizar todos os contidos					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	31/09/2022					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Informar de todas as novidades do centro; calendario escolar, comedor, servizos complementarios, actividades extraescolares, saídas, etc.	Coordinador TIC	31/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:						
<b>OBXECTIVO 4: (1)</b>	Aumentar o emprego dos recursos tecnolóxicos que dispón o centro				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Profesores que imparten a materia				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Uso xeneralizado polo profesorado e alumnado dos dispositivos dixitais					
<b>Valor de partida: (3)</b>	40%					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	80%					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Crear contidos dixitais axeitados a etapa de educación infantil. Uso da encerado dixital.	Profesorado infantil	Curso 2022/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Realizar actividades semanalmente nas tablets de 1º a 4º de primaria con contidos avaliados	Tutores de 1º a 4º	Curso 2022/2023	Tablets de 10"		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Afianzar o uso dos dispositivos nos cursos de 5º de primaria ata 2º da ESO. Proxecto EDIXGAL	Profesorado que imparte neses cursos	Curso 2022/2023	Dispositivos EDIXGAL		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:						
<b>OBXECTIVO 5: (1)</b>	Actualizar os dispositivos da aula de informática				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Renovación dos equipos obsoletos					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Dispoñemos dunha aula de ordenadores con 30 dispositivos					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	22/06/2022 Renovación do 50%					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Determinar os equipos obsoletos	Coordinador TIC	31/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Utilizar diariamente a aula de informática cun horario específico para 3º e 4º ESO	Profesor que imparte materias en 3º e 4º ESO	2022/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Buscar financiación o axudas para a mellora dos dispositivos	Equipo directivo	2022/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

**ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

#### **4. Avaliación do plan**

O plan dixital revisarase cada trimestre para comprobar os obxectivos que se lograron. A revisión final ao remate do ano servirá para ver os obxectivos logrados e propoñer uns novos ou adaptar os que non se conseguiron.

#### **5. Difusión do plan**

O plan dixital estará na páxina web do centro para que as persoas interesadas poidan consultalo e achegar as súas opinións.